

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 2 de decembro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto Apertura electrónica do sobre B, correspondente á documentación: avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón municipal de habitantes para concellos.

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- AYTOS Soluciones Informáticas, S.L.U.
- ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíen e ponderen a proposta técnica seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

